



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia da arte moderna

Materia	Historia da arte moderna			
Código	O02G251V01502			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Barriocanal López, María Yolanda			
Profesorado	Barriocanal López, María Yolanda			
Correo-e	barriocanal@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Estudo das manifestacións artísticas en Italia nos séculos XV ao XVIII nas grandes xeneralizacións conceptuais que a historiografía artística sinala como Renacemento, Manierismo e Barroco. O seu desenvolvemento comprenderá a análise do proceso de produción e recepción da obra de arte durante estas centurias, a través dos creadores e obras máis significativas, tendo en conta a perspectiva histórica, social, ideolóxica e iconográfica que permiten a súa contextualización, co apoio das fontes literarias e documentais.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
C28	Coñecemento das distintas metodoloxías da aproximación á Historia da Arte
C31	Coñecementos básicos de iconografía como clave para a interpretación de imaxes
C32	Coñecemento práctico dos procesos básicos da metodoloxía científica en Historia da Arte
C33	Coñecementos sobre documentación, composición de materiais e técnicas construtivas dos bens artísticos mobles e inmoables
D2	Aplicación dos coñecementos
D7	Capacidade de razoamento crítico

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	A2 A3	B2	C28 C33	D2 D7
Lectura da obra de arte como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.	A4	B2	C28 C31 C32	D2 D7
Capacidade para a interpretación da obra de arte nos diferentes períodos de estudo dende unha perspectiva metodolóxica múltiple.	A2 A4		C28 C31 C32	D2

Contidos

Tema

1. Humanismo e Renacemento	1.1. Concepto. O valor concedido á antigüidade. A preocupación humanista das artes. Arte e humanismo nas Cortes italianas do Renacemento
2. Clasicismo e Manierismo	2.1. Arquitectura e urbanismo no Quattrocento e Cinquecento italiano. O plan central. As teorías sobre a cidade ideal. A plasmación da igrexa triunfante 2.2. Orientacións pictóricas das escolas italianas. 2.3. A síntesis dos valores formais e intelectuais da escultura renacentista
3. O Barroco	4.1. Concepto. O Concilio de Trento e as artes. Retórica e procedementos barrocos 4.2. A arquitectura: a igrexa e os reformadores 4.3. Patronazgo e imaxinería relixiosa do Seicento italiano

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	21	30	51
Saídas de estudo/prácticas de campo	5	10	15
Titoría en grupo	5	3	8
Traballo tutelado	10	30	40
Eventos docentes y/o divulgativos	2	0	2
Actividades introdutorias	2	0	2
Probas de resposta curta	2	20	22
Traballos e proxectos	3	7	10
Outras	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Clases expositivas que concentran o aprendizaxe teórico. Nas diferentes sesións se desenvolve o contido do programa, secuenciado en bloques temáticos. Para cada unidade temática ofrécese un esquema básico e bibliografía especificade para seguir e profundizar nos contidos. Nas sesións emprégase recursos complementarios (proieccións en power point, fontes documentais e literarias, páxinas de internet, etc.)
Saídas de estudo/prácticas de campo	Saídas de estudo fora do ámbito académico para a visita e estudio ""in situ"" de monumentos o conxuntos patrimoniais relacionados co contido da materia
Titoría en grupo	Apoio á formación do alumno/a, orientado a resolver as dúbidas ou calqueira outra cuestión relacionada coa maeria
Traballo tutelado	Dirixidos á profundización na materia e ao fortalecemento da capacidade analítica e expositiva do alumnado. Consisten na elaboración dun traballo inédito, de carácter individual ou grupal (maximo dous alumnos), vinculado aos contidos do programa. Se valorará o acceso á bibliografía e fontes, a presentación, claridade e orixinalidade expositiva, e a metodoloxía empregada.
Eventos docentes y/o divulgativos	Asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Actividades introdutorias	Sesión previa, orientada á presentación do desenvolvemento da materia e primeira toma de contacto cos estudantes

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na orientación e resolución das dúbidas plantexadas na realización dos traballos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: Aula e-meeting (enlace FaiTic).
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas de avaliación escritas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: Aula e-meeting (enlace FaiTic).

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	50	A3 B2
Valoración da comprensión e asimilación dos contidos teóricos da materia. Para superar a materia, é necesario acadar nesta proba unha cualificación mínima de 2.5 puntos (sobre o 5 total). Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da Historia da Arte Moderna como produto dun complexo proceso, aberto e contínuo		
Saídas de estudo/prácticas de campo	10	A4 B2 C28 D2
Participación activa do alumnado nas saídas de estudo e prácticas de campo programadas como complemento á materia. Con elo dará conta dos seguintes resultados de avaliación: Lectura da obra de arte "in situ" como documento excepcional do pasado.		
Traballo tutelado	30	A2 A4 C31 D2 C32
Na súa avaliación se considerarán os seguintes criterios: singularidade e complexidade do tema de estudo escollido, metodoloxía, bibliografía e fontes consultadas, presentación, claridade e orixinalidade expositiva. Con elo o alumnado dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Capacidade para a interpretacións das manifestacións artísticas do período de estudo.		
Outras	10	A2 A3 A4
Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado nas actividades programadas, visitas, debates e presentación de tarefas. Con elas o alumno dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Aplicar os coñecementos e demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos a resolución de problemas.		

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estadísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/os docente/s dispoñan como imprescindibles. Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% da mesma.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ARGAN, Giulio Carlo, **Renacimiento y Barroco. II. De Miguel Ángel a Tiepolo**, 1ª ed, Akal/Arte y Estética, 1987

BENEVOLO, Leonardo, **Historia de la Arquitectura del Renacimiento: la arquitectura clásica (del siglo XV al siglo XVIII)**, 3ª ed., Gustavo Gili, 1988

BOUCHER, Bruce, **La escultura barroca en Italia**, 1ª ed., Destino, 1999

CASTRIA MARCHETI, Francesca, **El Barroco 1600-1700: el arte europeo de Caravaggio a Tiepolo**, 1ª ed., Electa, 2005

WITTKOWER, Rudolf, **Arte y Arquitectura en Italia. 1600-1750**, 5ª ed., Catedra, 1988

PANOFKY, Erwin, **Estudios sobre iconología**, 4ª ed., Alianza, 1980

WITTKOWER, Rudolf, **Los fundamentos de la arquitectura en la edad del Humanismo**, 1ª ed., Alianza, 1995

WÖLFFLIN, Heinrich, **Renacimiento y Barroco**, 2ª ed., Paidós, 1991

Bibliografía Complementaria

BLUNT, Anthony, **Teoría de las artes en Italia, 1450-1600**, 10 ed., Catedra, 2007

BURCKHARDT, Jacob, **La cultura del Renacimiento en Italia**, 2ª ed., Akal/Arte y Estética, 2004

BURKE, Peter, **El Renacimiento italiano: cultura y sociedad en Italia**, 1ª ed., Alianza, 1993

PACCIOAROTTI, Giuseppe, **La pintura barroca en Italia**, 1ª ed., Itsmo, 2000

PANOFKY, Erwin, **Renacimiento y Renamientos en el arte occidental**, 3ª ed., Alianza, 1981

Recomendacións

Outros comentarios

A causa da ensinanza e avaliación contínua, recoméndase que a ficha de identificación do estudante se entregue, debidamente cumprimentada cos seus datos personais e correo electrónico na primeira semán do curso.

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.
